

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 16 DE ABRIL DO 2026.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b> POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Dezaseis de Abril do Dous mil vinte e seis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES**

**Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 09/04/2026**

---



---

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/056**

**Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 07/04/2026. DECRETO: “Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN DA RÚA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA””**

---



---

**3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/057**

**Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 07/04/2026. DECRETO: “Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA AGRÍÑA (PALMEIRA)””**



---

---

**4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/058**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 07/04/2026. DECRETO: “Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN DA RÚA BUENOS AIRES, ENTRE RÚA DO CANAVAL E TRAVESÍA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)””

---

---

**5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/059**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 07/04/2026. DECRETO: “Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN MUÍÑOS (OLEIROS)””

---

---

**6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/570**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 26/03/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CARRIL BICI PARA LA CONEXIÓN DEL CASCO URBANO DE RIBEIRA CON LA PARROQUIA DE PALMEIRA”

---

---

**7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/571**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 26/03/2026. DECRETO: “DESESTIMACIÓN AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “ESCOLA DE DEPORTES NAUTICOS DE AGUIÑO””

---

---

**8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/605**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 27/03/2026. DECRETO: “EXCLUSIÓN DE OFERTA ANORMALMENTE BAIXA E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS QUE RESULTAN FINALMENTE ADMITIDAS Á LICITACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE REFORZO EDUCATIVO A MENORES DE FAMILIAS USUARIAS DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE RIBEIRA A TRAVÉS DO PROGRAMA “SABERES””



---

---

**9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/606**

**Dáse conta á Xunta de Goberno Local** do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 27/03/2026. DECRETO: “ACEPTACIÓN DA OFERTA QUE RESULTARA INICIALMENTE INCURSA EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS FINALMENTE ADMITIDAS Á LICITACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS SÚAS CATRO ESPECIALIDADES NO CONCELLO DE RIBEIRA”

---

---

**10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/040**

**Dáse conta á Xunta de Goberno Local** do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/04/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CARRIL BICI PARA LA CONEXIÓN DEL CASCO URBANO DE RIBEIRA CON LA PARROQUIA DE PALMEIRA”

---

---

**11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/123**

**Dáse conta á Xunta de Goberno Local** do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 10/04/2026. DECRETO: “APERTURA DE SOBRES C QUE CONTEÑEN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E A PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMIENTO PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE CHIRINGUITOS DE TEMPADA EN TERREOS MUNICIPAIS PARA DAR SERVIZO AOS USUARIOS DAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA”

---

---

**12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/124**

**Dáse conta á Xunta de Goberno Local** do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 10/04/2026. DECRETO: “EXCLUSIÓN DE LAS OFERTAS QUE PRESENTAN VALORES ANORMALMENTE BAJOS Y CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS QUE RESULTAN FINALMENTE ADMITIDAS A LA LICITACIÓN DEL CONTRATO DE OBRAS DE REMODELACIÓN DEL FRENTE LITORAL DEL PASEO DE LAS CAROLINAS Y ACCESIBILIDAD A LA PLAYA DE COROSO (PSTD-PRTR)”

---

---



**13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/136**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/04/2026. DECRETO: "SUBSTITUCIÓN RESPONSABLE CONTRATOS"

---

---

**14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/146**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/04/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE REFORZO EDUCATIVO A MENORES DE FAMILIAS USUARIAS DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE RIBEIRA A TRAVÉS DO PROGRAMA "SABERES"

---

---

**15.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/159**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/04/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO PARA A CONSTRUCCIÓN DE PARQUE INFANTIL NA PRAZA DO CENTENARIO"

---

---

**16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1049 15.01.2026 ALBA SANTOS ROMAY, reforma de baño e cociña, na Avda. da Constitución, nº 7-1ºB, Ribeira.(2026 COMU000006)

---

---

**17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

565 09.01.2026 Mª JOSÉ GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, cambio de baño, na Plaza Pablo Neruda, nº 4, 2J, Ribeira.(2026 COMU000002)

---

---



**18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6281 17.03.2026 MARÍA GARCÍA BASADRE, retirar peche existente e realización de un novo cumprindo aliñeación, no lugar de Mosqueiros, nº 9, Castiñeiras. (2026 COMU000076)

Así mesmo, se lle informa que, segundo o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 08/04/2026, na súa conclusión e proposta indica que:

*\* Antes de empezar os traballos avisarase o servizo de urbanismo – Delineación para que comprobén a alienación.*

*\* Según o Artigo 89: Viario y alienacións..... Alienacións mínimas: Cando no figuren en los planos de ordenación serán las seguintes:*

- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.
- Para vías de tipo II 8 m. o eixo..
- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.
- Para resto de vías 4 m. o eixo.
- Para camiños peonís 2 m. o eixo.

*Estas alienacións terán carácter obrigatorio.*

**19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1208 16.01.2026 MIGUEL ANGEL VÁZQUEZ SALGUEIRO, substitución de alicado do baño, na rúa Noro, nº 2, 4C, Ribeira. (2026 COMU000007)

**20.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17512 05.07.2024 ANGELES PIÑEIRO REIRÍZ, conservación de vivenda existente (sin aumento de volumen), no lugar de Sabartán, nº 26, Carreira. (2024 COMU000278)



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261785246
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 16/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/04/2026	Fecha: 16/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 16/04/2026 14:58:04		Hora: 14:58



**21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11064 14.05.2025 INMACULADA TOURÍS ROMERO, conservación de vivenda unifamiliar (sin incremento de volumen), no lugar de Gándara, 15, Oleiros. (2025 COMU000235)

**22.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1267 19.01.2026 JUAN QUESADA VILLEGAS, substituir fiestras, no lugar de Laxes, Carreira.(2026 COMU000008)

**23.- LICENZA MUNICIPAL PARA PLANTA DE BIOGÁS EN INDUSTRIA CONSERVEIRA. SITUACIÓN: AVDA. RAMIRO CARREGAL REY, POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS, RIBEIRA. PROMOTOR: FRINSA DEL NOROESTE S.A. (CIF A.15.010.564)**

**VISTA** a solicitude de licenza urbanística para **PLANTA DE BIOGÁS EN INDUSTRIA CONSERVEIRA**, na **AVDA RAMIRO CARREGAL REY, POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS, RIBEIRA** da que é promotora a entidade **FRINSA DEL NOROESTE, S.A. (CIF A.15.010.564)**,

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **técnico municipal de medio ambiente**, con sinatura dixital o día **6 de abril de 2026**, **arquitecto técnico municipal**, con sinatura dixital favorable de día **10 de abril de 2026**, **técnico de administración xeral**, de **10 de abril de 2026**, e **secretario xeral da Corporación**, de data **13 de abril de 2026**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan no seguinte acordo.

**A Xunta de Goberno Local**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á entidade **FRINSA DEL NOROESTE, S.A. (CIF A.15.010.564)**, **licenza urbanística (Nº 15/26)** para construción de **PLANTA DE BIOGÁS** en parcela con refª catastral nº 15074A938015780000UU sita na Avda Ramiro Carregal Rey, Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, nos termos do Proxecto de Execución de Planta de Biogás en Industria Conserveira visado polo COITI de día 12 de decembro de 2025 e Anexo ao Proxecto de Execución de Planta de Biogás en Industria Conserveira de data 25 de marzo de 2026 redactados polo enxeñeiro técnico industrial D. Jacobo Bouzada Rodríguez (col. 4.505).



**-Deberá adaptarse ó resto das determinacións establecidas polo arquitecto técnico municipal no seu informe de data 10 de abril de 2026.**

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construction, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Coa terminación da obra deberase presentar unha **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia achegando a seguinte documentación:

- Resolución de modificación da autorización ambiental integrada núm. 2007/0016\_NAA/IPPC\_101, expediente de modificación 2025-IPPC-M70, para incorporar os condicionantes esixibles á nova actividade.
- Certificado Final de obra.
- Libro de Rexistro de Incidencias Oloríferas.
- Estudio acústico de medicións para determinar o cumprimento dos valores límite de emisión establecidos na normativa acústica aplicable, especialmente tendo en conta a instalación de novos compresores, bombas e motores de coxeneración.
- Autorización para o tratamento de residuos da instalación conforme ao artigo 33 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Informe acústico de medicións (artigo 11.1 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo).
- Xestión dos RCDs: xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na obra.
- Comunicación á entidade xestora da rede de saneamento de calquera modificación nos procesos que inflúa na calidade do efluente que se verte, así como de calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas da vertedura para os efectos de proceder, de ser o caso, á revisión do correspondente permiso de vertedura

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

*-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas*



*Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3.*

**SIXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261785246
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 16/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/04/2026	Fecha: 16/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 16/04/2026 14:58:04		Hora: 14:58



**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

---

---

#### 24.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – Melchor Nogueira Uzal

**Visto** o escrito presentado por **Melchor Nogueira Uzal**, de data 06/04/2026 (Registro de entrada nº 7.856), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Rúa Bouciña, nº 19, Palmeira (Ribeira). Expediente 2026/LIC-000002.

**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 09/04/2026.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Aprobar** a devolución da fianza/aval depositada por **Melchor Nogueira Uzal** como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Rúa Bouciña, nº 19, Palmeira (Ribeira). Expediente 2026/LIC-000002, polo importe total de 1.275,08 €.

---

---

#### 25.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – María Concepción Fernández Pérez

**Visto** o escrito presentado por **María Concepción Fernández Pérez**, de data 16/03/2026 (Registro de entrada nº 6.095), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de urbanización realizadas en Camiño da Auga, nº 8, Castiñeiras (Ribeira).



Expediente 2025/COMU000147.

**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 01/04/2026.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Aprobar** a devolución da fianza/aval depositada por **María Concepción Fernández Pérez** como garantía de obras de urbanización realizadas en Camiño da Auga, nº 8, Castiñeiras (Ribeira). Expediente 2025/COMU000147, polo importe total de 229,60 €.

---

---

### 26.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María del Mar Silva López

**Visto** o escrito presentado por **María del Mar Silva López**, de data 30/03/2026 (Registro de entrada nº 7.339), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9285318MH9098N0001WY, neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9285318MH9098N0001WY, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

---

---

### 27.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María del Carmen García Pazos

**Visto** o escrito presentado por **María del Carmen García Pazos**, de data 01/04/2026 (Registro de entrada nº 7.557), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A036012680000KJ, neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A036012680000KJ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**



**28.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE ALMACENES AREEIROS S.L. E DA ENTIDADE MAPFRE ESPAÑA S.A., POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 7157JJS Ó BATER CONTRA O MESMO UN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2024 RESP000041.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de ALMACENES AREEIROS S.L., e da entidade MAPFRE ESPAÑA S.A.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 02 de novembro de 2023, o vehículo marca Nissan, modelo NV400, con placas de matrícula 7157JJS, circulaba pola Avenida do Malecón, da parroquia e municipio de Ribeira, cando, de súpeto, un colector do lixo impactou contra o mesmo, o que ocasionou unha serie de danos ó automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/10/2024 co número 202400025990, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de ALMACENES AREEIROS S.L. e da entidade aseguradora MAPFRE ESPAÑA S.A., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no citado vehículo, que cuantifica na contía total de 938,75 €, mais os xuros que legalmente procedan, dos que 150 euros serían abonados a Almacenes Areeiros S.L., e os 788,75 euros restantes á entidade aseguradora Mapfre España S.A.

Co escrito de reclamación, achega a seguinte documentación:

- Copia do Parte de Servizo número 8696 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Xustificante do abono por parte de Mapfre España da contía de 788,75 euros, en concepto de pago da factura 24/0012 emitida por “Taller Los Amigos”.
- Factura número 24/0012 emitida na data 08/03/2024 por “Taller Los Amigos”, por importe de 788,75 euros.
- Informe de valoración pericial dos danos do vehículo emitido na data 20/02/2024.
- Poder especial para procedementos de reclamación de responsabilidade patrimonial polo funcionamento da administración, outorgado pola entidade Mapfre España S.A. a favor de D. José Luis Martínez-Olivares Gómez na data 16/11/2023.
- Escritura de poder xeral para pleitos e especial para outras actuacións procesuais, outorgada na data 01/03/2026 por Mapfre España S.A. a favor, entre outros, de D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, autorizada polo Notario D. José Manuel Lois Puente, co número 434 de protocolo.

Terceiro.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 21/01/2026 co número 202600001482, o Sr. Martinez-Olivares Gómez, como consecuencia do requirimento desta administración de emenda da súa solicitude en relación á non acreditación do poder de representación da entidade “Almacenes Areeiros S.L.”, manifesta que a citada entidade non



outorgou representación, motivo polo cal a reclamación continua a instancia unicamente de Mapfre España S.A., cuxa representación consta acreditada.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 29/08/2025 pola Policía local.
- Parte de servizo número 8698 realizado pola Policía local.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións por parte da reclamante, rexistrado de entrada na data 12/03/2026 co número 202600005843, e no que reitera a súa petición inicial.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na



lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaría, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **a entidade reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **a entidade MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación de parte dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Actúan representados por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, que acredita debidamente a súa representación.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo con placas de matrícula 7157JJS. Así se deduce do informe pericial e da factura de reparación que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento do servizo de recollida de lixo.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido**, tal e como consta no **Parte de Servizo número 8696** emitido na



data do accidente e que dispón o seguinte: “Ás 08:30 horas do día 2 de novembro de 2023 recibíuse na Xefatura da Policía Local unha chamada telefónica (...), manifestando o interlocutor que circulando pola Avenida do Malecón en dirección ó muelle comercial, recibira o impacto no seu vehículo dun colector do lixo de cor azul, o cal se desprazara da súa ubicación habitual diante do establecemento hostaleiro “Bar Bahía” a causa dun golpe de vento. Presentados no lugar os axentes informantes observaron como ocupando parte do carril de circulación e xa chegando á zona azul da outra beira estaba tirado o referido colector do lixo. Así mesmo, comprobouse que o furgón referenciado como Vehículo danado A e conducido polo condutor identificado en calidade de Prexudicado A, presentada os danos que se observan na reportaxe fotográfica no seu lado dereito, todos eles compatibles a xuízo destes axentes co impacto deste colector do lixo.”

- **No informe emitido na data 29/08/2025** como consecuencia da instrución do expediente, a Policía local ratifica o recollido no Parte de Servizo número 8696, engadindo o seguinte: “(...) Na hora e día do accidente o tempo era adverso, con forte vento e intervalos de chubascos. A estación meteorolóxica máis próxima, localizada en Corrubedo, amosaba unha velocidade do vento de 41,80 qm/h para o día e hora sinalados. (...) Tendo en conta a posición na cal nos atopamos o colector do lixo e o vehículo á nosa chegada ao lugar do sinistro, o sentido de circulación e a localización dos danos é opinión destes axentes que estes danos foron debidos a que o colector do lixo bateu contra o vehículo, logo de desprazarse da súa posición habitual. (...) A Avenida do Malecón é unha vía de dobre sentido de circulación, cun só carril reservado para cada sentido da marcha e división mediante zona elevada. Non se observou ningunha evidencia de condución negligente no condutor, que a parecer dos actuates circulaba correctamente polo único carril dispoñible. (...) Ao noso parecer este colector do lixo, de cor azul para a recollida de papel e cartón, antes do seu desprazamento polo vento, estaba correctamente localizado na súa posición habitual. O dito colector non tiña ningún medio de suxeición e púidose comprobar ademais que estaba baldeiro, o que contribúe ao desprazamento deste modelo de colector cando hai forte vento, sendo habitual o avistamento de colectores deste tipo desprazados da súa posición habitual, en días con condicións climatolóxicas similares ás do día do sinistro. (...) Os danos que se puideron observar no vehículo estaban localizados no seu lateral dereito, afectando ao paso de roda, aleta e porta dianteira. (...)”

Dos informes referidos extraemos as seguintes conclusións:

- Que un colector do lixo de cor azul desprazáronse pola Avenida do Malecón polo vento existente ese día.
- Que no seu desprazamento bateu contra o automóbil con placas de matrícula 7157JJS, propiedade da entidade “Almacenes Areeiros S.L.”.
- Que non se ten constancia dunha conducta negligente por parte do condutor do vehículo.
- Que non existe causa de forza maior.

En consecuencia, e en atención ó informe emitido pola Policía Local, **enténdese que existe un nexa de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Nissan, modelo NV400, con



placas de matrícula 7157JJS, propiedade da entidade “*Almacenes Areeiros S.L.*”, e asegurado na entidade Mapfre España, S.A.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á recollida de residuos sólidos urbanos, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, conséntase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade URBASER S.A., con NIF A79524054, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción do vidro) e xestión do punto limpo do Concello de Ribeira, asinado na data 31/07/2017 entre o Concello de Ribeira e a entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., contrato que foi cedido a favor da mercantil URBASER S.A.U, formalizándose a citada cesión na data 19/5/2020, dispón na súa cláusula décimo novena que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: “(...) *Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.*”.

**En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.**

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de



impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de MAPFRE ESPAÑA S.A., representada polo Sr. Martínez-Olivares Gómez, deuse audiencia á entidade concesionaria URBASER S.A. mediante Decreto da Alcaldía de data 11/03/2026, que foi notificado na data 12/03/2026, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.**

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA S.A., polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 788,75 € mais os xuros que legalmente procedan.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo URBASER S.A., polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando á reclamante na contía antes indicadas.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares do citado contrato administrativo.

---

---

**29.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ALFONSO PÉREZ SANTOS, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. DINO RENE VIVANCO VILCHES, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 4007FKX Ó BATER CONTRA O MESMO UN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2025 RESP000026.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Alfonso Pérez Santos**, en nome e representación de **D. Dino Rene Vivanco Vilches**, co obxecto de determina-la



posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

### FEITOS

Primeiro.- O día 19 de abril de 2025, D. Dino Rene Vivanco Vilches circulaba no seu vehículo, marca Fiat, modelo Punto, con placas de matrícula 4007FKX, pola Avenida do Malecón, parroquia e municipio de Ribeira, cando, de súpeto, un colector do lixo impactou contra o mesmo, o que ocasionou unha serie de danos ó automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 10/07/2025 co número 202500017035, D. Alfonso Pérez Santos, en nome e representación de D. Dino Rene Vivanco Vilches, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no citado vehículo, que cuantifica na contía total de 444,05 €, segundo informe pericial emitido por “Peritasa Villagarcía S.L.”, mais os xuros que legalmente procedan.

Co escrito de reclamación, achega a seguinte documentación:

- Parte número 654/2025 emitido pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe pericial realizado na data 21/05/2025 por “Peritasa Villagarcía S.L.”
- Permiso de circulación do vehículo.
- Xustificante da inspección técnica do vehículo.

Terceiro.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 10/11/2025 co número 202500026974, e a requirimento desta Administración, o reclamante achega autorización de representación a favor do Sr. Pérez Santos.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 19/02/2026 pola Policía local.
- Parte de servizo número 654/2025 realizado pola Policía local.
- Declaración do reclamante de non ter percibido outra indemnización, rexistrada de entrada na data 10/02/2026 co número 202600003161.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións por parte do reclamante, rexistrado de entrada na data 13/03/2026 co número 202600005995, e no que reitera a súa petición inicial.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

#### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### TERCEIRO.-



O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.



O Sr. Vivanco Vilches ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación, por ser a titular do vehículo danado, tal e como resulta acreditado pola documentación que consta no expediente, entre ela, o permiso de circulación do automóbil.

Actúa representada por D. Alfonso Pérez Santos, que acredita debidamente a súa representación mediante a autorización outorgada polo Sr. Vivanco Vilches, e que consta no expediente.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo con placas de matrícula 4007FKX. Así se deduce do informe pericial que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento do servizo de recollida de lixo.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido**, tal e como consta no **Parte número 654/2025** emitido na data do accidente e que dispón o seguinte: *“(..). Requerimiento: Informa que iba circulando por la Avenida de Malecón y a la altura del Bar Bahía un contenedor se desplazó debido al mal tiempo que había ese día, impactó con mi vehículo y haciendo daños en el mismo. Resultado: Tras la manifestación del requirente, se realiza inspección ocular del vehículo dañado, observándose daños en la aleta delantera derecha, consistente en una abolladura la cual dificulta la apertura de la puerta delantera derecha.”*
- **No informe emitido na data 19/02/2026** como consecuencia da instrución do expediente, a Policía local ratifica o recollido no Parte número 654/2025, engadindo o seguinte: *“(..). 1º Que el día de los daños había unas condiciones climatológicas muy adversas y con mucho temporal. 2º Que se puede comprobar como los daños ocurridos fueron ocasionados por el citado contenedor ya que las partículas de pintura pegado a la superficie estaba fresca y por las fotografías que adjunta el conductor del turismo. 3º Que aparentemente el vehículo circulaba correctamente por la Avenida de Malecón. 4º Que el contenedor estaba correctamente ubicado, no pudiendo comprobar si estaba debidamente sujetado. 5º Que el vehículo tenía daños en la aleta delantera derecha, consistente en una abolladura la cual dificulta la apertura de la puerta delantera derecha. 6º Que es parecer del que suscribe que los daños fueron ocasionados debido al gran temporal que había ese día en Ribeira en el que se produjeron innumerables incidencias, que el contenedor estaba casi vacío y con poco peso y por ese motivo se desplazó hacia el carril de circulación.”*

Dos informes referidos extraemos as seguintes conclusións:

- Que un colector do lixo de cor azul desprazáronse pola Avenida do Malecón polo temporal existente ese día.
- Que no seu desprazamento bateu contra o automóbil propiedade do Sr. Vivanco Vilches.



- Que non se ten constancia dunha conducta negligente por parte do reclamante e titular do vehículo.
- Que non existe causa de forza maior.

En consecuencia, e en atención ó informe emitido pola Policía Local, **enténdese que existe un nexa de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Fiat, modelo Punto, con placas de matrícula 4007FKX, propiedade de D. Dino Rene Vivanco Vilches.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á recollida de residuos sólidos urbanos, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, constátase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade URBASER S.A., con NIF A79524054, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción do vidro) e xestión do punto limpo do Concello de Ribeira, asinado na data 31/07/2017 entre o Concello de Ribeira e a entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., contrato que foi cedido a favor da mercantil URBASER S.A.U, formalizándose a citada cesión na data 19/5/2020, dispón na súa cláusula décimo novena que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: *“(...) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración”*.

**En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.**



A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D. Dino Rene Vivanco Vilches, representada polo Sr. Pérez Santos, deuse audiencia á entidade concesionaria URBASER S.A. mediante Decreto da Alcaldía de data 12/03/2026, que foi notificado na data 12/03/2026, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.**

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Alfonso Pérez Santos, en nome e representación de D. Dino Rene Vivanco Vilches, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 444,05 € mais os xuros que legalmente procedan.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo URBASER S.A., polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando á reclamante na contía antes indicadas.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares do citado contrato administrativo.

---



---



**30.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MANUEL CASTIÑEIRA CAAMAÑO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN VIDAL SAMPEDRO, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 1705FLK, OCASIONADOS POLO DERRUBO DUN MURO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA. EXPEDIENTE 2025 RESP000012.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MANUEL CASTIÑEIRA CAAMAÑO, en nome e representación de D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN VIDAL SAMPEDRO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 20 de decembro de 2024, o vehículo marca Audi, modelo A3, con placas de matrícula 1705FLK, propiedade de D<sup>a</sup> Concepción Vidal Sampedro, estaba estacionado na Rúa Amor Ruibal, da parroquia e municipio de Ribeira, concretamente na zona máis próxima ó cemiterio municipal, cando, de súpeto, unha parte do muro de peche do cemiterio derrubouse, caendo enriba do citado vehículo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 14/05/2025, co número 202500011044, D. Manuel Castiñeira Caamaño, en nome e representación de D<sup>a</sup> Concepción Vidal Sampedro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados mais os xuros que legalmente procedan, reparación que cuantifica na contía total de 567,20 €.

Co seu escrito achega a seguinte documentación:

- Copia simple da escritura de poder xeral para pleitos e especial para outras facultades, outorgara pola Sra. Vidal Sampedro, en favor, entre outros do Sr. Castiñeira Caamaño, autorizada na data 07/05/2025 polo Notario de Ribeira, D. Gonzalo Díaz Quinteiro, co número 566 de protocolo.
- Copia do permiso de circulación do vehículo.
- Copia do parte de incidencia realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe pericial da valoración dos danos de data 27/12/2024.
- Factura número 64/25, emitida por “Talleres Joaquín Sieira S.L.” polo importe de 567,20 euros.
- Copia do xustificante de abono da factura.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de incidencia número 13532 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 29/01/2026 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Declaración da reclamante de non ter percibido outra indemnización rexistrada de entrada na data 30/12/2025 co número 202500030801.
- Informe de reparación urxente do muro realizado pola enxeñeira municipal na data 07/05/2025.
- Informe emitido na data 06/03/2026 pola enxeñeira municipal.
- Informe do servizo de cemiterios emitido na data 16/03/2026.



Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións por parte da reclamante, rexistrado de entrada na data 18/03/2026 co número 202600006429, e no que se reiteran na súa petición inicial.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

#### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da



súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

**A Sra. Vidal Sampedro ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación**, por ser a titular do vehículo danado, tal e como resulta acreditado pola documentación que consta no expediente, entre ela, o permiso de circulación do automóbil.

Actúa representada por D. Manuel Castiñeira Caamaño, que acredita debidamente a súa representación.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que é titular do cemiterio da parroquia e municipio de Ribeira, polo que a súa conservación e mantemento é competencia municipal, ademais de ter competencia propia en materia de cemiterios, de conformidade co artigo 25.2 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 1705FLK. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de cemiterios.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local no parte de incidencia número 13532 realizado na data 20/12/2024 por mor do suceso, e que confirma en informe emitido na data 29/01/2026, dispón:**
  - *“Personados en el lugar del accidente se puede apreciar que se desplomó aproximadamente 12 metros de largo por tres de alto del muro del cementerio municipal de Ribeira encima del tejado posterior de la vivienda nº 5 de la calle Amor Ruibal. Según comunica la propia vecina de la casa afectada, hace*



*aproximadamente dos años ya se dio cuenta de la grieta de esta pared por escrito al ayuntamiento avisando de lo que podía suceder si no se arreglaba. La caída de la pared también dañó un vehículo que se encontraba estacionado en la calle Amor Ruibal. El vehículo con matrícula 1705FLK resultó dañado en su parte posterior, este pertenece a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Vidal Sampedro (...).*

- **A enxeñeira municipal en informe emitido na data 06/03/2026 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos: “(...) se tuvo conocimiento de los hechos, al acudir al lugar del accidente al día siguiente, comprobando que, efectivamente, de había derrumbado una parte del muro de cierre del cementerio, dañando al vehículo con placas de matrícula 1705FLK. En la actualidad, la parte del muro de cierre del cementerio que se había desprendido está totalmente reparada, así como la cubierta de la construcción auxiliar que está pegada a él, (...). A estos efectos me remito también al informe firmado por mí en fecha 07/05/2025 sobre la reparación urgente del muro de cierre del cementerio municipal de Ribeira, en el que se describe lo sucedido y las obras de reparación realizadas. (...) Sin duda, la causa del siniestro que afectó al vehículo propiedad de la Sra. Vidal Sampedro, fue el desprendimiento de parte del muro de cierre del cementerio municipal de Ribeira. (...)”**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 1705FLK e o funcionamento do servizo municipal de cemiterios. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada pola reclamante.

No que respecta á **contía da indemnización**, compre indicar que están xustificadas os gastos de reparación do automóbil coa emisión, pola entidade “*Talleres Joaquín Sieira S.L.*”, da factura número 64/25 de data 25/04/2025 por importe de 567,20 €, en concepto de reparación do vehículo matrícula 1705FLK.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, maría Sieira Ríos, de data 09/04/2026, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 13/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. MANUEL CASTIÑEIRA CAAMAÑO, en nome e representación de D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN VIDAL SAMPEDRO, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización total de 567,20 € mais os xuros que legalmente procedan.**

O pago efectivo da indemnización realizarase da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros á Sra. Vidal Sampedro, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza do seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 417,20 euros, mais os xuros que legalmente procedan.

---

---



### 31.- VAO PERMANENTE – María José Cadórniga Sampedro

Visto o escrito presentado por **María José Cadórniga Sampedro**, de data 08/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.051), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmobile situado na Rúa do Rial, nº 28 (Castiñeiras).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 14/04/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a María José Cadórniga Sampedro**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmobile situado na Rúa do Rial, nº 28 (Castiñeiras), con reforzo de liña amarela enfronte, según o sinalado no citado informe policial.
  - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

---

### 32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA FEIRA DE OPORTUNIDADES “VIAMARE STOCK 2026” – Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 09/04/2026, relativa á autorización da celebración da Feira de Oportunidades “Viamare Stock 2026”, na que expón:

*“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar, como en anos anteriores, a Feira de Oportunidades “Viamare Stock 2026” os días 7, 8 e 9 de agosto no Malecón de Ribeira. Presenta a solicitude de autorización no rexistro xeral do Concello na data 06/04/2026 con Nº de rexistro de entrada 20267858, solicitando:*

*Autorización para celebrar A “Feira Viamare Stock 2026” os días 7, 8 e 9 de agosto no Malecón de Ribeira.*

1. *Montaxe e desmontaxe das estruturas desde o 4 de agosto ao 10 de agosto.*
2. *Colocar carteis de carretera e pancartas para promocionar o evento e que serán retirados ao remate do mesmo.*
3. *Autorización acometida eléctrica*
4. *Uso de megafonía móbil no municipio desde o 27 de xullo ao 09 de agosto en horario de máña (2 horas) e en horario de tarde (2 horas).”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar a celebración da “Feira Viamare Stock 2026” os días 7, 8 e 9 de agosto no Malecón de Ribeira.**
- **Que tendo en conta que a localización do espazo que solicita a Asociación de Empresarios de Ribeira para realizar a Feira Viamare Stock 2026 non é de titularidade municipal é preciso que a entidade solicitante, a Asociación de**



**Empresarios de Ribeira, lle faga a solicitude de ocupación á administración competente que, neste caso, é Portos de Galicia é dispoña do permiso.**

- **Autorizar a colocación de carteis de carretera e pancartas para promocionar o evento e que serán retirados ao remate do mesmo.**
- **Autorización para que a entidade organizadora se encargue de realizar e de cumprir con todos os trámites relativos ao servizo de acometidas eléctricas.**
- **Autorizar o uso de megafonía móbil no municipio desde o 27 de xullo ao 09 de agosto en horario de máña (2 horas) e en horario de tarde (2 horas).**
- **As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).**
- **O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.**
- **Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira para o seu coñecemento.**

### **33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á ANPA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS PARA A CELEBRACIÓN DA “CARREIRA MEMORIAL JUAN VIDAL”**

LOGO DE VER que Dna. María del Carmen Muñiz Martínez, en representación da “ANPA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS”, presenta escrito de data 29/01/2026, con número de rexistro de entrada municipal 1911, solicitando:

*“DESDE EL AMPA DEL SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS DE CASTIÑEIRAS, COMO TODOS LOS AÑOS, SOLICITAMOS PARA PODER REALIZAR EL EVENTO “CARREIRA MEMORIAL JUAN VIDAL” EL DÍA 19 DE ABRIL DEL 2026:*

- UN PUNTO DE LUZ
- WC PORTÁTIL
- AGUA CORRIENTE
- CONTENEDORES BASURA
- MEGAFONÍA
- PERMISO DE PUNTO DE VENTA PARA REFRESCOS, CHUCHERÍAS Y CHOCOLATES.
- COLABORACIÓN DE LA POLICÍA LOCAL Y GAEM CON AMBULANCIA.

*ESTA ACTIVIDAD SE CELEBRARÁ EN LAS PISTAS DEL CASTRO EN CASTIÑEIRAS EN JORNADA MATUTINA.”.*

#### **CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS**

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:



“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

3. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:

“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 09-04-26, e a proposta do concelleiro de deportes, de data 09-04-26, favorables á mesma con condicionantes.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización á “ANPA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS” para a celebración da “CARREIRA MEMORIAL JUAN VIDAL” cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **19 de abril de 2026** dende as 9.00 horas e ata que remate a proba. **Esta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.**
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- **Aportar efectivos do GAEM e policía local** (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e o xefe da policía local ou persoa na que delegue).
- Os efectivos do GAEM e policía local poderán abandonar a proba en caso de emerxencia grave.
- Contratar o **servizo de ambulancia** para dar cobertura sanitaria na proba.
- **Colocar un punto de luz** no lugar de saída e chegada da proba.
- Colocar unha **toma de auga corrente** preto do lugar de saída e chegada da proba (hai unha fonte no lugar de saída e chegada)..
- Dotar a zona de **contedores de lixo**.
- **Ceder unha megafonía** básica do departamento para o desenvolvemento da proba.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- **Autorizar a instalación dun punto de venda para refrescos, larpeiradas e chocolates.**
- **Non autorizar a instalación dun WC portátil** na zona



**34.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA O “PROXECTO DE EMBECEMENTO DE ESCAPARATES DE LOCAIS BALEIROS”**

**Vista** a proposta conxunta presentada pola Concelleira Delegada de Turismo, Ana Isabel Barreiro Rego, e pola Concelleira Delegada de Comercio, Carmen Pérez Gómez, de data 09/04/2026, relativa á aprobación das bases reguladoras para o “Proxecto de Embelecemento de Escaparates de Locais Baleiros”, na que expoñen:

*“O Concello de Ribeira busca erradicar o feísmo (degradación estética da paisaxe urbana) provocado por carteis desordenados, vellos ou excesivos en escaparates comerciais sen uso. Os obxectivos principais céntranse en mellorar a imaxe urbana, fomentar a seguridade e revitalizar os locais baleiros que reflectan un entorno activo e coidado.*

*Trátase dunha proposta promovida polas áreas de comercio e turismo do Concello de Ribeira cun dobre obxectivo: Revitalizar as rúas e mellorar a súa imaxe fomentando o embelecemento de locais sen actividade comercial mediante a colocación de vinilos decorativos e ao tempo poñer en valor os recursos turísticos do municipio ao difundilos a través dos escaparates do municipio.*

*Para garantir a boa organización deste proxecto é preciso dispor dunhas bases de participación que permitan establecer normas e criterios de aplicación para o seu desenvolvemento.*

*En consecuencia achéganse en anexo as BASES de participación que determinan entre outros o procedemento de participación, condicións, forma de inscrición e selección.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar as bases reguladoras para o “Proxecto de Embelecemento de Escaparates de Locais Baleiros”, segundo o contido da citada proposta.

**35.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN PROTECTORA CALLEJEROS BARBANZA PARA A RECOLLIDA, ATENCIÓN VETERINARIA E HOSPEDAXE DE GATOS ABANDONADOS, FERIDOS, DEAMBULANTES, NO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA**

EXPEDIENTE: 2025/CONV000005

Visto que de conformidade co previsto no artigo 39 da *Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais*, correspóndelle ás entidades locais a xestión dos gatos comunitarios.

Visto que de conformidade co previsto no artigo 22.2 da *Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia*, os concellos poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

Visto que resulta de interese para esta Alcaldía a subscripción dun convenio de colaboración coa asociación protectora Callejeros Barbanza, especializada na xestión de colonias felinas, para a atender a recollida e transporte dos gatos en situación de abandono ou necesidade no ámbito territorial do Concello de Ribeira, e outras accións que permitan garantir o benestar das colonias.



Visto o borrador de convenio elaborado polo Servizo Técnico de Medio Ambiente, coa supervisión e colaboración estreita das Concellerías de Xestión e Relacións Veciñais no Medio Rural e Benestar Animal, e de Economía e Facenda, Vías e Obras.

Vista a providencia de Alcaldía, de data 30 de marzo de 2026, mediante a que se dispón dar traslado do expediente ao Secretario Xeral do Concello e ao Interventor Municipal para o seu exame e emisión dos correspondentes informes.

Visto o informe emitido polo Secretario Xeral do Concello ao respecto do contido do borrador de convenio, de data 8 de abril de 2026, no que se refire, entre outros aspectos, a normativa aplicable, o procedemento a seguir, o contido esencial, e conclúe: "(...) Cada unha das cláusulas, ao meu xuízo, cumpre coa normativa vixente, sen prexuízo do que se derive da fiscalización polo Departamento de Intervención Municipal. (...)”

Visto o informe emitido polo Interventor do Concello ao respecto do contido do borrador de convenio, de data 9 de abril de 2026, en sentido favorable.

**Visto** o informe Técnico emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L, Fernández Veiga, de data 09/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN PROTECTORA CALLEJEROS BARBANZA PARA A RECOLLIDA, ATENCIÓN VETERINARIA E HOSPEDAXE DE GATOS ABANDONADOS, FERIDOS, DEAMBULANTES, NO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA”.

Segundo. Publicar o presente acordo na Sede electrónica municipal para xeral coñecemento.

Terceiro. Facultar á Alcaldesa-Presidenta, de acordo coas súas competencias, para a firma do mesmo e realización de cantas xestións deriven da súa aplicación.

Cuarto. Notificar o presente acordo á asociación “Callejeros Barbanza”.

---

### 36.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

**Vista** a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/04/2026, relativa á autorización uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

*“Recíbese solicitude presentada por dona Paz González Riobo, en nome da APA Caramcheiro do IES Nº 1 de Ribeira, sede electrónica núm. 2026 6497 de data 18 de marzo de 2026, interesando dispor do Auditorio Municipal de Ribeira para celebrar un acto de Graduación do alumnado de 2º de Bacharelato.*

*O día interesado é o 18 de xuño de 2026, no que terá lugar o citado evento ás 17.00 horas e para o que precisa dispor desta instalación dende ás 15 ás 20 horas.*



Manifesta que o acto consistirá na lectura de discursos e entrega de diplomas de graduación ao alumnado por parte dos seus titores e titoras, pase fotográfico para o recordo e algunha actuación musical por parte do alumnado.

A decoración consistirá nunha pancarta, globos e un atril.

O número de persoas estimadas que acudirán ao acto é de 450.

Considerando que:

- O evento é organizado por unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro municipal de asociacións de Ribeira.
- Acto de participación comunitaria, familias, estudantes e profesorado a través do que pón en valor o esforzo académico do alumnado.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

- Espazos públicos: Auditorio Municipal de Ribeira.  
Xoves 18 de xuño de 2026 en horario de 15.00 ás 20.00 h: 15.00-16.30 h preparativos, 16.30 h apertura das instalacións acceso aos asistentes; 17.00 h celebración da gala ata remate.
- Medios persoais. Servizo de conserxería."

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Gala de Graduación de 2º de Bacharelato do IES Nº 1 de Ribeira organizado pola APA Caramcheiro.

Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o xoves 18 de xuño de 2026 de 15.00 ás 20.00h: 15.00-16.30 h preparativos, 16.30 h apertura das instalacións acceso aos asistentes; 17.00 h celebración da gala ata remate.

Medios persoais. Servizo de conserxería.

- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

#### CONDICIÓN DE USO

- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- Aos efectos de garantir a seguridade da infraestrutura, cumprimento da normativa vixente e correcto manexo do equipamento técnico (luces, son, audiovisuais, etc.) **é obrigatorio dispor de persoal técnico especializado durante a montaxe, ensaios e desenvolvemento do acto.**
- Comprométese o solicitante a dispor do servizo técnico de iluminación, son e audiovisuais.
- Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes



- do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puideran orixinarse.
6. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
  7. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puideran corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
  8. Respetar o aforo da instalación.
  9. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
  10. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
  11. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: [culturaefestexos@ribeira.gal](mailto:culturaefestexos@ribeira.gal).

#### ANEXO I-

#### NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o aforo máximo da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Débese seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.



**37.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)**

**Vista** a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/04/2026, relativa á autorización uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

*“Recíbese solicitude de David Casais Bargiela, sede electrónica 2026 6057 de data 16 de marzo de 2026, que en calidade de Presidente da Asociación Cultural Altofalante, ten interese en dispor do Centro Cultural Lustres Rivas o xoves 7 de maio de 2026 ás 19 horas, para realizar a presentación do libro “O Nacionalismo Galego na década dos 70” en colaboración con outras dúas entidades.*

